



DONA Marta Vázquez Garea, SECRETARIA DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS (A CORUÑA), dacordo cos datos que figuran nesta Secretaría do meu cargo, salvo erro ou omisión involuntaria **CERTIFICO QUE** por Resolución da Alcaldía núm. 436/2017 do 04-08-2017 acordouse o seguinte:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Desestimento proceso de selección brigadas incendios

Visto o proceso de selección incoado para a selección de 1 xefe/a de brigada, 1 peón-condutor e 3 peóns de prevención e defensa contra incendios forestais deste Concello ó abeiro do Convenio de Colaboración subscrito coa Consellería de Medio Rural para a participación na defensa contra incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco PDR de Galicia 2014-2020.

Vistos os decretos aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos definitivos para 1 posto de xefe de brigada (decreto 294/2017), para 1 posto de peón-condutor (decreto nº 313/2017) e para 3 postos de peón de brigada de incendios (decreto nº 296/2017).

Vista a acta do tribunal do día 06/07/2017 onde se valora a entrevista persoal prevista nas bases que rexen o procedemento e vista a acta do días 10/07/2017 onde se recolle os resultados da proba física realizada o día 07/07/2017 e a valoración de méritos realizada polo tribunal, e en virtude do previsto na base sexta das bases reguladoras xerais que rexen o proceso selectivo,

Visto que por Resolución da Alcaldía núm. 394/2017 do 12 de xullo acórdase publicar a calificación da proba de aptitude física e a valoración de méritos como anexo á dita Resolución, onde se pon de manifesto o seguinte:

“ANEXO I

1. PROBA DE APTITUDE FÍSICA:

- **RESULTADOS DA PROBA DE ESFORZO: aspirantes a XEFE DE BRIGADA**
Non se presenta ningún aspirante para a realización da proba.

(...)

2.- VALORACIÓN DE MÉRITOS DOS ASPIRANTES:

- **XEFE DE BRIGADA:** non se procede a valorar ningún dos aspirantes por quedar excluídos do proceso de selección ao non presentarse a proba física.”

Así, visto que segundo o Convenio de Colaboración subscrito coa Consellería de Medio Rural para a participación na defensa contra incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco PDR de Galicia 2014-2020, unha brigada de incendios ten que estar composta obrigatoriamente por Xefe de brigada e peóns, e dada a imposibilidade de cubrir o posto do Xefe de brigada, **RESOLVO:**

Primeiro: desistir do proceso de selección da brigada de incendios 2017 incoado por este Concello por Resolución da Alcaldía 240/2017, do 15 de maio.

Segundo: publicar este acordo na páxina web municipal e no tabolerio de anuncios.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cabana de Bergantiños <https://sede.concello-cabana.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Terceiro: comunicar este acordo á Consellería de Medio Rural.

En Cabana de Bergantiños, documento asinado dixitalmente segundo se indica na banda lateral.

”

E para que así conste, asino dixitalmente este certificado co visto bo do Sr. Alcalde, en Cabana de Bergantiños na data que figura na banda lateral.